

ai

MÚSICA

Travellin' Brothers

NO TEATRO JOFRE

MÚSICA

Club del Río

NO CAFÉ TEATRO DE NARÓN

1936

O CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL, EN NARÓN

Asociación Piruchela

En tempos convulsos como os que vivimos a actividade cultural é clave para artellar unha resposta social e un vínculo común no que encontrarnos e dialogar. Así o entenden desde Neda coa nova asociación Piruchela que une o gastronómico e o cultural co deporte. Falamos con dous dos seus responsables, Gonzalo Grandal e Leandro Lamas.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Kiko Delgado

Aí. Como nace a vosa asociación?

P. Vimos que era moi necesario en Neda dinamizar o tecido social, ter un lugar de encontro e de participación. Crear comunidade, como adoita facerse a través da cultura, da que hai tanta necesidade hoxe. Aínda que nun principio pensouse en que a iniciativa fose gastronómica, logo vimos que de aí a ampliar a actividades culturais e deportivas só había un paso.

Aí. Que significa “Piruchela”?

P. É unha zona de baño do río Belelle, un tradicional punto de encontro da rapazada.

Aí. Cantos comezaches e onde tedes a sede?

P. Ao redor dunha ducia de persoas nos puxemos en contacto decidimos tirar para adiante. Tivemos sorte e dimos cun local estupendo no centro de Neda, que foi ata o seu peche o mesón Os Estrobos. É un espazo estupendo duns cen metros cadrados e un patio, dá moito xogo. Ten a vantaxe de ter unha cociña industrial en perfecto estado.

Aí. Que iniciativas levades feito?

P. Buscamos a diversidade e fixemos presentación de libros, roteiros en bici, pequenos concertos, pintado de murais, proxeccións, saída a por cogomelos e degustacións, etc. A todo isto agardamos agora actividades gastronómicas ao abeiro da comida de temporada. A gastronomía é fundamental para crear comunidade neste país.

Aí. Alguna actividade que vos chamara a atención do ben que funcionara?

P. Houbo varias que animan a traballar. Está a gravación do podcast con xente da música galega, “Onda Piruchela”. Un programa que leva Pepe Cunha e polo que xa pasaron Mini, Guadi Galego ou Xurxo Souto e convocou a moita xente. Igual que as actividades a favor de Palestina así como un obradoiro de cabezudos, que tivo moito éxito cos máis pequenos ou a emotiva homenaxe ao profesor e músico Marcos Neira.

Aí. Que nos espera para o este mes de novembro?

P. O día 8 teremos a tertulia radiofónica “Vellas Novas” na que participarán Xaquín Marín, Anxos García Fonte, Manolo Doval, Carme Romero, Emilio Romero e Ana Santiago. O día 9 haberá un roteiro e o 15 Inma Soto fará a presentación do seu libro e unha contada. O día 22 Carme Caínzos, de Valdoviño, fará unha presentación das súas mermeladas artesás. O 23 un novo podcast, desta volta a convidada é Uxía Senlle, e seguindo coa música o día 29 teremos un concerto do dúo Moel. Todo isto máis outras iniciativas como as xuntanzas para falar en inglés, os días 7 e 21.

Aí. Moita actividade para unha asociación que acaba de nacer.

P. Si, de feito o eco que recibimos é de que facemos moita actividade e a ver se se pode manter este ritmo no tempo. De momento a xente está moi animada e con folgos **Aí. Ata o de agora, son os socios quen terman do proxecto, non?**
P. Si, ata que pase o tempo e podamos optar a axudas. Na actualidade somos arredor



“NÓTASE QUE HAI UNHA NECESIDADE DE ENCONTRARSE, DE FACER COMUNIDADE”

dos 60 socios. Hai dúas modalidades para participar, a cultural que son 10 euros ao mes, e a gastronómica, que inclúe a anterior e son 30 euros ao mes e está orientada para que os socios podan usar as instalacións. Está enfocada aos produtos de temporada e está aberto a outros tipos de gastronomía, doutros lugares.

Aí. Esa sería a clave dunha entidade cultural como a vosa?

P. Hai unha necesidade de encontrarse, de xuntarse en lugares comúns e verlle a cara

á xente. Cada quen ten as súas motivacións pero desde logo a xente estase implicando.

Aí. De tódolos xeitos, algún de vós xa tedes experiencia no mundo da actividade social e cultural para deseñar e dar a coñecer as vosas apostas.


P. Si, pero a experiencia conta. Estivemos noutras asociacións nestes anos como Aturuxo de Melpómene, Semente, Artabria, etc., e xa non empezas de cero. Ademais da difusión das actividades polas nosas redes sociais, Instagram,

Facebook, etc., e o boca a boca da xente que vén e desfruta coas actividades, ou iso nos din.

Aí. E o bo funcionamento tradúcese en xente de fóra que participa das vosas iniciativas?

P. Si, hai persoas da comarca que participan, veñen a concertos ou presentacións, e o mesmo pasa con xente de Neda que non falla e semella que atopou un espazo onde sentirse ben, e ese era o obxectivo. Ademais que xa comezamos a recibir propostas de xente de fóra, contacontos, músicos, etc. A verdade é que a resposta está a ser mellor da agardada. Xunto coa programación, que está a funcionar, a verdade é que o local que temos axuda moito. Quen queira pode vir e comprobalo.

PROGRAMACIÓN 20 NOVIEMBRE 25



1
NOV

Os amos do mundo
Bucanero Teatro
Jofre | 20.30h | 5€
Teatro



6
NOV

Orquestra Sinfónica de Galicia
Sociedad Filarmónica Ferrolana
Auditorio | 20.30h
16€ (socios 5€)
Clásica



7
NOV

Travellin' Brothers
Jofre | 20.30h | Desde 6€
Rock(&)Ferrol



8
NOV

Noso
Os Náufragos Teatro
Jofre | 20.30h | 8€
Teatro



13
NOV

As Darbukas Dacolá
Torrente | 20.30h | 3€
Xoves da Capela



14
NOV

Catuxa Salom
Caldo
Jofre | 20.30h | 8€
Anima Mundi



15
NOV

Deadpan Karaoke
Ibuprofeno Teatro
Jofre | 20.30h | 5€
Teatro

Entradas e información
actualizada en:
www.ferrolcultura.gal



01 sábado

20.30 H

OS AMOS DO MUNDO

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

5 €



O MUGARDÉS LINO BRAXE ADAPTOU E DIRIXIU ESTA PEZA SOBRE UN TEXTO DA AUTORA FERROLÁ CARMEN BLANCO E PROTAGONIZADA POR PEDRO PICOS E XOSÉ BONOME.

A compañía Bucanero presenta esta comedia de dous personaxes a priori contrarios: Un home rico, e outro, non tanto; un explotador e un explotado; un triunfador e un perdedor. Unha doada convivencia e unha inesperada camaraxe. Como pano de fondo un accidente de avión e unha casa perdida nas montañas de Galicia.

Os amos do mundo trata temas como a cobiza, a violencia, a inxustiza... nun mundo gobernado polo diñeiro.

07 venres

20.00 H

OSWALDO DIGÓN

Monólogo

MUSEO DO HUMOR (FENE)

ESPECTÁCULO QUE FALA CON MOITO HUMOR E LIBERDADE DO ESPÍRITO DA NOSA ÉPOCA.

O tsunami tecnolóxico, a ansiedade, as preocupacións do noso día a día... Oswaldo Digón analiza e conversa co público sobre as pequenas e grandes cousas que afrontamos a diario, mesturando o seu estilo cómico coa súa grande experiencia na improvisación teatral.

07 venres

20.30 H

TRAVELLIN' BROTHERS

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

6 €



MÁIS DE 1200 CONCERTOS EN VINTE ANOS SOBRE AS TÁBOAS, CON DEZ DISCOS PUBLICADOS RESUMEN A TRAXECTORIA DESTE SEXTETO DE BILBAO ELOXIADO EN TODA EUROPA POLO SEU BLUES.

Gañadores do European Blues Challenge 2015 en Bruxelas, Travellin' Brothers teñen unha gran bagaxe musical. Camaleónicos como poucos, son capaces de tocar tanto en pequenos clubs e salas ou nos máis grandes festivais. Ao longo destes anos tiveron a sorte e a honra de compartir escenario con auténticas lendas: Buddy Guy, Koko Taylor, John Mayall, Ike Turner, ... Os grandes bluesman e as grandes bandas de Blues, ao longo da historia tiveron unha estreita relación coas ribeiras e os deltas dos ríos. No caso de Travellin' Brothers non é unha excepción: naceron á beira da ría de Bilbao, na localidade bizkaina de Leioa e reciben unha grande inspiración do río Nervión. Seis amigos forman a banda, e esta unión familiar é unha das súas grandes virtudes, facilmente palpable na súa actitude sobre os escenarios.

PROGRAMACIÓN
2025



NOVEMBRO

V **07** 20.00 HORAS

S **04** 20.00 HORAS

TEATRO CONTEMPORÁNEO
CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL

1936

V **14** 21.00 HORAS

MÚSICA ROCK
TERTULIA PRODUCCIÓN

QUEEN IS BACK

S **15** 20.00 HORAS

COMEDIA
ÁRTIKA

NON PASARÁN

X **20** 20.30 HORAS

DANZA CLÁSICA
CLASSIC STAGE, S.L.U.

EL LAGO DE LOS CISNES

S **22** 20.00 HORAS

TEATRO CONTEMPORÁNEO
SARABELA TEATRO

A METAMORFOSE

D **23** 19.00 HORAS

MÚSICA FAMILIAS
CONCERTO

UXÍA

V **28** 20.30 HORAS CAFÉ-TEATRO

MÚSICA FOLK-POP-INDIE
CONCERTO

CLUB DEL RÍO

S **29** 20.00 HORAS

COMEDIA
PRODUCCIÓN TEATRAIS EXCÉNTRICAS

**MOFA E BEFA: OS DOUS
DE SEMPRE**



**PAZO DA
CULTURA**
Concello de Narón

08 sábado

20.30 H

NOSO

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

8 €



PEZA DOS NÁUFRAGOS TEATRO AMBIENTADA NAS MOBILIZACIÓNS DO RURAL GALEGO CONTRA OS PARQUES EÓLICOS.

A historia de Noso desenvólvese nun vello ultramarinos-bar dunha aldea galega que, hai moitos anos, era un punto de encontro habitual entre veciños. Un enclave afectado hoxe polo imparabile avance dun parque eólico. A través do retrato íntimo dunha familia, a obra afonda nas relacións entre irmáns, nos conflitos interxeracionais e na necesidade de reconciliación co pasado e co futuro.

13 xoves

20.30 H

AS DARBUKAS DACOLÁ

Música

CENTRO CULTURAL TORRENTE BALLESTER (FERROL)

17,60 €

VIAXE MUSICAL QUE UNE ORIENTE E GALICIA A TRAVÉS DA FUSIÓN DE AMBAS AS CULTURAS, COMBINANDO INSTRUMENTOS E SONORIDADES.

As Darbukas Dacolá defenden unha orixinal proposta artística, coa que percorren a riqueza sonora da cultura oriental, amosando unha ampla variedade de instrumentos pouco coñecidos en Occidente, como o Daf, o Riq ou a Darbuka. Estas sonoridades fúsiónanse con instrumentos ancestrais da tradición galega, como a zanfona ou a pandeireta.

07/08 venr./sáb.

20.30/20.00 H

1936

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

28 €



O CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL TRAE A NARÓN ESTA OBRA, UNHA VISIÓN POLIÉDRICA E CORAL DA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA, DIRIXIDA POR ANDRÉS LIMA.

1936 pretende ofrecer unha mirada obxectiva da Guerra Civil, lonxe de partidismos e propaganda, grazas a un proceso de investigación levado a cabo polo equipo da serie Shock 1 (El Cóndor y el Puma) e Shock 2 (La Tormenta y la Guerra). Este proceso, no que tamén participaron un grupo de especialistas da Guerra Civil e da historia recente de España, derivou nun texto firmado por catro dramaturgos: Albert Boronat, Juan Cavestany, Juan Mayorga, e o propio Lima. Nel abórdanse acontecementos históricos, conspiracións, o papel da aristocracia ou da monarquía, pero tamén as loitas e desencontros no bando republicano, sen esquecer o contexto internacional que tanta influencia tivo no desenvolvemento da gurra. 1936 conta cun elenco extraordinario composto por Antonio Durán Morris, Cristina Arias, Natalia Hernández, María Morales, Paco Ochoa, Mamen Camacho, Guillermo Toledo e Juan Vinuesa.

14 sábado

21.00 H

QUEEN IS BACK

Música

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

28/26/24 €



A MAXIA DE FREDDIE MERCURY COBRA VIDA NESTE ESPECTÁCULO, UN TRIBUTU QUE RECREA CON PRECISIÓN A MÍTICA XIRA DE QUEEN EN 1986.

Queen Is Back repasa os grandes éxitos da banda británica –desde «Bohemian rhapsody» ata «We will rock you»– con gran fidelidade ao son, ao vestiario e á escenografía da última xira de Queen con Freddie Mercury. O resultado é unha inmersión completa no universo do grupo que marcou unha época e fixo historia no rock mundial.

Cun elenco profesional e unha produción impecable, Queen Is Back convértese nunha cita imprescindible para quen queira revivir a forza e a paixón dunha das bandas máis grandes de todos os tempos.

14 venres

19.00 H

CONSELLO DE GALIZA

Documental

ANTIGO HOSPICIO (FERROL)



PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL DIRIXIDO POR XAN LEIRA, QUE PARTICIPARÁ TAMÉN NO COLOQUIO POSTERIOR.

Consello de Galiza (gobierno galego no exilio) recupera a memoria da institución creada por Castelao e outros dirixentes galeguistas durante o exilio republicano. Céntrase tanto na historia do Consello de Galiza como na figura de Castelao, o seu primeiro presidente.



**Oficina de
Transformación
Comunitaria**

**Achégate e
benefíciate!**

INFÓRMATE



Teléfono: 677 737 321



Correo: otc@naron.gal

ACHÉGATE

Local Social da Solaina

**Martes e mércores de 9:00 a 15:00
Outros horarios baixo cita previa**



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia



14 venres 20.00 H

PATTY DIPHUSA

Monólogo

MUSEO DO HUMOR (FENE)



A ARTISTA CORUÑESA PRESENTA EN FENE O SEU MONÓLOGO SEXO SEGURO ¿SEGURO? ¡SEGURO! NO QUE EXPLORA CON HUMOR AS RELACIÓNS HUMANAS E ÍNTIMAS.

Que é o sexo? Que é o amor? É o sexo mellor con amor? Por onde comeza o amor? Pódese amar a alguén se non te amas a ti mesmo? Estas son só algunhas das preguntas que a artista Malala Ricoy –Patty Diphusa– formula no seu novo espectáculo. Nel atreveuse a abordar temas tan complexos como o amor, pero desde unha perspectiva puramente humorística. Rompendo os tabús e prexuízos que a sociedade adoita impoñer, Ricoy trata cuestións profundas cunha visión cómica pero sen quitarlles a importancia que teñen.

Con humor, reflexión e unha posta en escena atrevida, o espectáculo convida o público a mirar de fronte o desexo, a afectividade e a relación co propio corpo, sen máscaras nin censuras.

14 venres 20.30 H

CATUXA SALOM

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

8 €



A CANTANTE E COMPOSITORA PRESENTA O SEU PRIMEIRO DISCO, CALDO, NOVE TEMAS NOS QUE MISTURA O FOLCLORE ARXENTINO CO GALEGO E CON BASES ELECTRÓNICAS.

Catuxa Salom, artista galega con raíces arxentinas, vén de publicar o seu álbum debut. Baixo o título de Caldo, agóchase un universo sonoro marcado pola electrónica, os instrumentos de raíz e a natureza. O bombo legüero, o charango e a pandeireta mestúranse con sintetizadores nunha proposta única. Salom recibiu o Premio Martín Códax ás Músicas do Mundo en 2024, tras percorrer escenarios de todo o país con artistas do talle de Rozalén e ou El Kanka.

14 venres 20.30 H

CÁPSULA

Música

SALA LA ROOM (FERROL)

18 €

A ICÓNICA BANDA ARXENTINA LEVA MÁIS DE 25 ANOS FORMANDO PARTE DA ESCENA DO ROCK INTERNACIONAL.

Cápsula, o grupo nacido en Bos Aires e radicado actualmente en Bilbao presenta Primitivo Astral, o seu último disco, moi aclamado pola crítica. Cápsula crea un son inconfundible que fusiona heavy psych, psicodelia e post-punk. Ao longo da súa traxectoria, tocou en escenarios de Europa, Estados Unidos, Sudamérica e Asia, deixando a súa pegada en festivais como o Primavera Sound, Austin Psych Fest e SXSW.

PATÁX



27 DE DICIEMBRE DE 2025 | 20:30 HORAS | TEATRO JOFRE (FERRÓL)

15 sábado 20.30 H

DEADPAN KARAOKE

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL) 5 €



**ESPECTÁCULO DE IBUPROFENO
TEATRO QUE MESTURA O
ABSURDO, A ESTUPIDEZ, A
SORPRESA, A COMEDIA, A
MÚSICA E O CINE.**

Deadpan é un personaxe incapaz de sentir ou expresar emocións. A través das súas accións, e grazas á contextualización destas nun karaoke, consegue achegar ao gran público cuestións e dilemas propios dos grandes pensadores contemporáneos, convertendo estas ideas en algo comprensible e incluso divertido.

Protagonizado pola actriz Marián Bañobre, baixo a dirección da asturiana Patricia Rodríguez, Deadpan Karaoke é un espectáculo multidisciplinar que une entretemento e reflexión e no que unha parte importante da acción desenvólvese grazas á participación do público.

15 sábado 20.00 H

NON PASARÁN

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN) 9,50 €



**COMEDIA CRÍTICA DIRIXIDA POR TITO ASOREY QUE REFLEXIONA
SOBRE OS LÍMITES DA HOSPITALIDADE, A MANIPULACIÓN DO
DISCURSO COLECTIVO E A AUTODESTRUCCIÓN IDEOLÓXICA.**

Fernanda Barrio, Marcos Alonso, Martín Maez e Rocío Salgado forman o elenco de *Non pasarán*, unha obra que se desenvolve nun lugar que está a ser arrasado polo lume. Ante os tráxicos acontecementos, a veciñanza decide, baixo o lema de «Non pasarán», non aceptar a ningún forasteiro nas súas terras. Pero Cándido e a súa filla Ana rompen esta regra ao recibir a unha misteriosa parella. A través do humor, a obra explora como a desinformación, o medo e a moral acomodaticia poden levarnos á destrución dos nosos propios valores, até converternos en cómplices daquilo que rexeitamos.

16 domingo 12.30 H

O REI VAI NÚ

Infantil

CENTRO CULTURAL TORRENTE BALLESTER (FERROL)

**ADAPTACIÓN MUSICAL DO CONTO DE HANS CHRISTIAN ANDERSEN
A CARGO DA COMPAÑÍA PORTUGUESA FÍO D'AZEITE.**

Fernando Gomes adaptó este conto, convertíndoo nun espectáculo cheo de maxia, humor e fermosas cancións, pero tamén de valores como a sinceridade, a humildade ou a valentía. Esta obra forma parte do cartel de Festeia, o festival de teatro infantil de monicreques e obxectos.

22 sábado

20.00 H

METAMORFOSE

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



SARABELA TEATRO ADAPTA ESTA OBRA DENDE UNHA PERSPECTIVA CONTEMPORÁNEA, CONECTANDO AS OBSESIÓNS DE KAFKA COAS ANGURIAS DO SER HUMANO ACTUAL.

Carlos Álvarez Ossorio dirixe esta versión teatral da obra de Kafka, que interpretan Fernando Dacosta, Elena Seijo, Fernando González, Sabela Gago e Fina Calleja. Nela, amósase a necesidade das persoas de ser recoñecida, valoradas e amadas. A través da transformación do protagonista, o relato pon de manifesto a soidade, o rexeitamento e a busca desesperada de aceptación.

20 xoves

20.30 H

EL LAGO DE LOS CISNES

Danza

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

33/25/20 €



REPRESENTACIÓN CLÁSICA DA CÉLEBRE OBRA DE TCHAIKOVSKY CUNHA ATRACTIVA POSTA EN ESCENA E UN ELENCO DE BAILARÍNS INTERNACIONAIS.

O Lago dos Cisnes foi composto por Piotr Ilich Tchaikovsky entre 1875 e 1876. A obra, dividida en dous actos e catro escenas, relata a traxedia do príncipe Sigfrido, que se namora da princesa Odette, transformada en cisne polo feitizo do malvado Von Rothbart.



TRAVELLIN' BROTHERS

7 DE NOVIEMBRE DE 2025 | 20:30 HORAS

TEATRO JOFRE (FERRÓL)

embora
productions

FERRÓL

23 domingo 12.30 H

PINOCHO

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)



A COMPAÑÍA ITALIANA ZACHES PON EN ESCENA UNHA VERSIÓN LIBRE DO CLÁSICO DE COLLODI.

Nun teatro de monicreques en desuso, cóntase unha historia protagonizada por un monicreque creado expresamente para adornar o escenario. Non obstante, prodúcese unha curiosa inversión: en lugar de monicreques que imitan humanos, os actores representan monicreques. O espectáculo esperta a forza orixinal do texto de Collodi, creando unha atmosfera crúa pero tamén irónica.

23 domingo

19.00 H

SERÁ POR FLORES

Música

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



UXÍA SENLLE, UNHA DAS GRANDES VOCES DA MÚSICA DO PAÍS E UNHA FIGURA CLAVE NA PRESERVACIÓN E DIFUSIÓN DA NOSA CULTURA, CELEBRA 40 ANOS NOS PALCOS.

Considerada a gran dama da música galega, Uxía leva catro décadas construíndo pontes entre a tradición e a modernidade. Neste concerto, a artista repasa os grandes fitos da súa carreira, interpretando temas icónicos e compartindo escenario con amigas e compañeiras de viaxe musical. Coa palabra como eixo central e unha fonda vinculación coa lusofonía, Uxía revisará os seus traballos máis emblemáticos, desde *Enredadas* e *Mulleres a viva voz* ata as súas colaboracións con NARF ou Malvela.

Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo
15402 FERROL - A Coruña
Tels.: 981 074 644 - 698 179 453
e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es

29 sábado

20.30 H

CLUB DEL RÍO

Música

Café Teatro do Pazo da Cultura (Narón)

12 €



CLUB DEL RÍO –NESTA OCASIÓN, EN FORMATO TRÍO– É MAXIA, É ALEGRÍA, É UNHA XANELA ABERTA E É AIRE LIBRE ONDE A MÚSICA FLÚE SEN ATADURAS. SÓN A ENERXÍA QUE NOS AXUDA A EMPEZAR OS DÍAS.

«Unha rareza por partida dobre». Así califica o crítico Fernando Neira as *Cancións inestimables* de Club del Río: «unha das bandas máis atípicas do panorama español, que exacerbaban a tan necesaria (e remolona) sensibilidade masculina e levan xa unha década longa ofrecendo pasaxes e paisaxes dunha exquisitez melódica e unha vocación bucólica moi infrecuentes» en España. Tras publicar o disco *Todo alrededor*, Club del Río presenta en concerto *Cancións inestimables*: menos instrumentos e centrar a atención na canción, letra e voces é a nova fórmula escollida polo trío, un folk luminoso e optimista, cheo de matices e de influencias varias que aderezan cuns xogos vocais brillantes e uns arranxos que converten as súas cancións en marabillas instantáneas. Un batido vitaminado con sorpresa de músicas infinitas, o resultado de múltiples influencias que atravesan o mundo, unha mestura de guitarras, ritmos optimistas e vitalismo; «un método de defensa contra unha sociedade agresiva facendo bandeira da unión e a amizade». Eses son Club del Río.

28 venres

20.00 H

NABIZA GIRL

Música

Casa da Cultura (Fene)

DE BALDE



ISABEL RISCO VOLVE POÑERSE NA PEL DO SEU PERSONAXE MÁIS COÑECIDO PARA ENFRÓNTASE A UN DOS SEUS MAIORES RETOS: LOITAR CONTRA A DESAPARICIÓN DA CULTURA GALEGA.

Nabiza Girl é unha superheoina galega por accidente. Os seus superpoderes deúllelos a casualidade, a vida do campo e tamén o feito de ser muller, descendente de meigas. Ela ten unha visión moi particular do mal, ou é malo o mesmo para unha persoa que para outra? Sobre isto adoita reflexionar na súa ágora, a Nabizcova.

29 sábado

20.00 H

OS DOUS DE SEMPRE

Teatro

Pazo da Cultura (Narón)

9,50 €

O DÚO CÓMICO MOFA E BEFA POÑEN EN ESCENA UNHA VERSIÓN LIBRE DA OBRA DE DANIEL CASTELAO.

Pedriño e Rañolas son contraditorios e antagónicos...mais amigos. Un é o arriscado soñador e o outro é un pancista pusilánime. Ambos os dous entran no selecto clube do Quixote e Sancho Panza unidos a unha mancha de artistas populares que Castelao admirou con compasivo humor.

O MUSEO
DO HUMOR
YAQUÍN MARÍN
PRESENTA

NOVEMBRO, MES DO HUMOR

2025

07.II 19H INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN DOS PREMIOS CURUXA 2025
07.II 20H ENTREGA DOS PREMIOS CURUXA 2025

MONÓLOGOS


• • •

TODOS OS
ESPECTÁCULOS
COMEZARÁN
ÁS 20 H.

• • •



07.II.25
OSWALDO
DIGÓN
"IN-CERTO"



14.II.25
PATTY DIPHUSA
"SEXO SEGURO
¿SEGURO?
¡SEGURO!"
827830



21.II.25
ROI DA COSTA
"A MIÑA VIDA
SENDO OUTRO"
827830

REPARTO DE
INVITACIÓNES
(MÁXIMO 2/
PERSOA ADULTA)
UNHA HORA ANTES
DO COMEZO DE
CADA FUNCIÓN

• • •
ENTRADA DE BALDE



28.II.25
ISABEL RISCO
NABIZA
GIRL II
742126

PRESENTACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA "MAL! PERO DE HUMOR BEN" 24.II 19.30 H
PRESENTACIÓN DO CONCURSO DE BD DE HUMOR "DEMO PEQUENO" 2025-26



COLABORA



ESTREA DESTACADA: 28 DE NOVIEMBRE



LA VOZ DE HIND

Kaouther Ben Hania

En que momento decidiu que esta historia debía converterse nun filme?

A primeira vez atopeime cun breve fragmento de audio de Hind Rajab pedindo axuda. A súa pequena voz atravesando o caos, pedindo simplemente non quedar soa. No momento en que a escoitei, algo dentro de min cambiou. Sentín unha onda abafadora de impotencia e tristeza: non intelectual, senón física. Como se o mundo se inclinase lixeiramente fóra do seu eixo. A voz de Hind, nese instante, converteuse en algo máis que o rogo desesperado dunha nena. Sentiuse como a propia voz de Gaza, pedindo axuda no baleiro, recibindo indiferenza, recibindo silencio. Era unha metáfora feita dolorosamente real: un berro de auxilio que o mundo podía escoitar, pero ao que ninguén parecía disposto ou capaz de responder. Púxenme en contacto coa Media Lúa Vermella Palestina para escoitar a gravación completa. Duraba máis de setenta

minutos, setenta minutos de espera, de medo, de tentar resistir. Foi unha das cousas máis difíciles que escoitei na miña vida.

Logo empecei a falar coa nai de Hind e coas persoas que estaban alén desa chamada, quen tentou, contra toda probabilidade, salvala. Falamos durante horas. A partir das súas palabras e da presenza estremecedora da propia voz de Hind, empecei a construír unha historia. Unha historia enraizada na verdade, sostida pola memoria e moldeada polas voces de quen estivo alí.

Como respondeu a familia de Hind Rajab ao seu desexo de contar esta trágica historia a través do cinema?

Se a nai de Hind dicía que non, eu retiráriame. Esa conversa non era unha formalidade, era a base. Sen o seu consentimento, nada avanzaría. Rana, da Media Lúa Vermella, foi quen me puxo en contacto con ela. Rana estivera ao teléfono con Hind durante horas aquel día e, desde entón, ela e a nai de Hind desenvolveran un vínculo. Fíxéronse unha promesa mutua:

cando terminase este horror, irían xuntas a visitar a tumba de Hind. Ese xesto sinxelo díxome moitísimo sobre o tipo de coidado e confianza que xa rodeaban a memoria de Hind. A nai de Hind é unha muller extraordinaria, chea de graza, intelixente e profundamente bondadosa. Desde a primeira chamada fun transparente. Díxenlle: 'Este filme só sucederá se ti queres que suceda. A decisión é túa' ela contoume todo sobre Hind, a súa personalidade, os seus sonhos, a súa maneira de rir. Sentín que, ao compartir todo isto comigo, estaba a tentar manter viva á súa filla, asegurarse de que a súa memoria non desaparecese nin se convertese nunha simple noticia máis. A nai de Hind falou coa súa familia sobre o filme e todos deron o seu total apoio e consentimento. A súa voz, marcada por unha silenciosa resiliencia, un amor infinito e unha dor indescritible, atravesa cada momento da construción deste filme.

Dossier de prensa LA ZONA (extracto)

07 NOVEMBRO

SIEMPRE ES INVIERNO David Trueba

2025 | ESPAÑA | 100' | ESPAÑOL | +12



Miguel, arquitecto paisaxista, viaxa a un congreso en Bélxica coa súa namorada Marta. Ali precipítase o final da súa relación e tras a ruptura decide quedar a soas uns días máis para tratar de recompoñer o seu futuro.

SUBSUELO Fernando Franco

2025 | ESPAÑA | 115' | ESPAÑOL | +16



Unha noite de verán, os xemelgos Eva e Fabián veranse involucrados nun trágico accidente. As circunstancias concretas son opacas e tan só parecen coñecelas ambos os irmáns e Mabel, a súa nai.

SEMINCI 2025 (sección oficial)

LEO Y LOU Carlos Solano

2025 | ESPAÑA | 101' | ESPAÑOL



Leo coñece ao malhumorado Lou despois de fuxir do centro de acollida. Xuntos emprenden unha inesperada aventura que lles cambiará a vida para sempre.

Mar del Plata 2025 (sección oficial)

14 NOVEMBRO

URCHIN Harris Dickinson

2025 | REINO UNIDO | 99' | INGLÉS | +12



Nas rúas de Londres, Mike, un mozo sen fogar, loita por sobrevivir mentres se enfrenta ao seu pasado e procura unha saída á súa situación.

Cannes 2025 (Un Certain Regard: Mellor actor para Frank Dillane, FIPRESCI)

‘Impresionante ópera prima, na senda dos mellores narradores británicos’ Collider

BUGONIA Yorgos Lanthimos

2025 | IRLANDA | 120' | INGLÉS



Dous mozos conspiranoicos secuestran á presidenta dunha gran compañía, convencidos de que se trata dunha extraterrestre decidida a destruír o planeta Terra.

Venecia 2025 (sección oficial)

“Extraordinario traballo dunha parella de actores en estado de grazas” El País

DIE MY LOVE Lynne Ramsay

2025 | EUA | 118' | INGLÉS



Grace e Jackson deixan Nova York para instalarse nunha casa no campo. Cun bebé recentemente nado e unha contorna illada, Grace atravesará un proceso de transformación persoal.

Cannes 2025 (sección oficial)

“Extraordinaria Jennifer Lawrence” El Cultural

21 NOVEMBRO

CIUDAD SIN SUEÑO Guillermo Galoe

2025 | ESPAÑA | 97' | ESPAÑOL | +16



Toni vive na Cañada Real, o asentamento irregular máis grande de Europa. Orgulloso da súa familia de chatarreiros, pasa os días ao carón do seu avó. Porén, as máquinas de demolición ameazan con arrasalo todo.

Cannes 2025 (Mellor Guión Semana da Crítica)

‘Brillante tratado etnográfico’ Kinótico

ALPHA Julia Ducournau

2025 | FRANCIA | 128' | FRANCÉS



Alpha é unha problemática nena de 13 anos que vive coa súa nai solteira. O seu mundo derrubarase o día que volve do colexio cunha tatuaxe no brazo.


Cannes 2025 (sección oficial)

‘Confirma a Ducournau como unha cineasta explosiva e astuta.’ Fotogramas

28 NOVIEMBRE

LA VOZ DE HIND
Kaouther Ben Hania

2025 | TÚNEZ | 89' | ÁRABE



29 de xaneiro de 2024. Os voluntarios da Media Lúa Vermella reciben unha chamada de emerxencia. Unha nena de 6 anos está atrapada nun coche baixo o fogo en Gaza. O seu nome, Hind Rajab.

Venecia 2025 (Gran Premio do Xurado)
‘Memorable en todos os sentidos’
El País

DUPLEX presenta
PRESENTACIÓN E COLOQUIO CO
DIRECTOR ALBERTO VÁZQUEZ

DOM 2 ÁS 19:45

DECORADO
Alberto Vázquez

2025 | ESPAÑA | 95' | GALEGO | +16



Arnold é un rato de mediana idade atrapado nunha crise existencial. O seu matrimonio vénse abaixo, a súa vida parécelle absurda e empeza a sospeitar que todo é unha gran farsa.

Sitges 2025 (Sección Oficial)

“Novo prodixio do máis salvaxe xenio da animación española para adultos” *La Vanguardia*

ESTREA O 31 DE OUTUBRO

FLORES PARA ANTONIO
Isaki Lacuesta

2025 | ESPAÑA | 98' | ESPAÑOL | +12



Unha filla dispónse a buscar a verdade sobre quen foi seu pai, un músico lendario, falecido cando ela tiña 8 anos. Alba Flores deixou de cantar ao perder a Antonio. Agora dispónse a recuperar a súa voz e a súa historia, preguntando por vez primeira aos seus familiares e amigos.

Donostia 2025 (Sección Oficial)

‘Un traballo cinematográfico excelente, un feliz e alegre nó na gorxa.’
Cadena Ser

Foco Billy Wilder

Entrada gratuíta coa colaboración do
Concello de Ferrol

LUN 24 ÁS 19:45

CON FALDAS Y
A LO LOCO
Billy Wilder

1959 | EUA | 120' | INGLÉS | TP



Joe e Jerry, músicos mediocres, vense obrigados a fuxir despois de seren testemuñas dun axuste de contas. Como non atopan traballo e a mafia os persegue, deciden vestirse de mulleres e tocar nunha orquestra feminina.

Globos de ouro 1960 (Mellor Comedia, Actor Principal e Actriz Principal)

“Un dos máis perdurables tesouros cinematográficos” *Roger Ebert*

OFF DUPLEX

O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO

MAR 4 ÁS 20:00

KÖLN 75
Ido Fluk

2025 | ALEMAÑA | 115' | INGLÉS | +12

A verdadeira historia



de Vera Brandes, icona adolescente da escena musical de Colonia nos anos 70, que o arriscou todo para organizar o maior concerto de jazz en solitario da historia da música: o lendario Concerto de Colonia de Keith Jarrett.

Berlinale 2025

‘Un biopic musical extravagante e divertido’ *Variety*

XOV 21 ÁS 20:00

LA SABANA Y
LA MONTAÑA
Paulo Carneiro

2024 | ALEMAÑA | 77' | PORTUGUÉS | +7



No norte de Portugal, unha pequena comunidade rural enfróntase á ameaza dunha gran mina de litio. A través dunha mestura única de documental e ficción, os propios habitantes interpretan a súa historia de resistencia.

Cannes 2024 (Quincena de Cineastas)

‘Unha historia excepcionalmente tenra de David e Goliat’
Screendaily

Petís DUPLEX

CINEMA PARA TODA A FAMILIA, CADA DOMINGO ÁS 12:00

Desde o 7 de outubro até o 30 de novembro.

Entrada gratuíta coa colaboración do Concello de Ferrol.

DOM 2 E 16 ÁS 12:00

PEZQUEÑÍN, EL PEQUEÑO AVENTURERO

VV.AA

2024 | 54' | TP | CURTAMETRAXES

Pezqueñín conta historias tan increíbles que nin sequera os seus amigos do cole lle cren. No entanto, un día Pezqueñín logra demostrar que a súa imaxinación pode ser un don marabilloso que pode chegar a salvar vidas.

Especialmente recomendado para maiores de 3 anos



DOM 9 E 23 ÁS 12:00

UN BARÇO EN EL JARDÍN

Jean-François Laguionie

2024 | FRANCIA | 75' | VE | TP

Pierre constrúe unha réplica do lendario barco Spray, co que



Joshua Slocum completou a volta ao mundo en 1895. Axúdao o seu fillo François, de 11 anos, que sente paixón por este proxecto.

Especialmente recomendado para maiores de 8 anos

Tempada de ópera e ballet

MÉR 5 ÁS 20:15:

LA FILLE MAL GARDÉE

Frederick Ashton
Royal ballet

2024 | REINO UNIDO | 210'



Lise, a única filla da viúva Simone, está namorada de Colas, un mozo granxeiro. Po- rén, a súa nai ten plans moito máis ambiciosos para ela.

MAR 25 ÁS 20:15

LA CENICIENTA

Frederick Ashton
Royal ballet

2024 | REINO UNIDO | 195'

Obrigada a ficar na casa e sometida ás tarefas do fogar polas súas caprichosas me- dio irmás, a vida de Cincen- ta é monótona e triste. Todo cambia cando decide axudar a unha



misteriosa muller... Cun pouco de maxia, é transportada a un mundo etéreo: un lugar onde as fadas traen os agasallos das estacións, as cabazas convértese en carrozas e o amor verdadeiro a espera.

Entradas: 15€ | 12€ para socios/as da Filarmónica Ferrolana


DUPLEX Cinema

Máis información en duplexcinema.com

Travesía Moreno 3, Ferrol

info@duplexcinema.com | 981 35 60 65

Facemos parte de:



De LUNS a DOMINGO De 17:00 a 22:00
Sesións matinais sábados e domingos

Proxeccións en VOSE, agás que se sinale o contrario.



POESÍA

O QUE SE VOLVE RAÍZ / LO QUE SE VUELVE RAÍZ

EVA VEIGA | OLIFANTE | 226 PÁX. | **15€**

A PRESTIXIOSA EDITORIAL ARAGONESA OLIFANTE, ESPECIALIZADA NA MELLOR POESÍA PENINSULAR, VÉN DE PUBLICAR O NOVO TRABALLO DA EUMESA EVA VEIGA, “O QUE SE VOLVE RAÍZ/LO QUE SE VUELVE RAÍZ”.

O traballo, en edición bilingüe con tradución ao castelán de Teresa Seara e cun breve texto a modo de posfacio de Pilar Pallarés, fai xa o décimo terceiro na traxectoria da xornalista e poeta de Ombre. Un número que fala da longa traxectoria de Veiga e non tanto do singular espazo que ocupa na poesía de noso. “O que se volve raíz” é unha obra elaborada durante anos a lume lento que sintetiza e culmina a impecable traxectoria lírica da eumesa. Os temas tratados en anteriores libros regresan: o vínculo coa terra, o relación co pasado, a luz e a dor pero ante todo figura a perplexidade ante un mundo que nos desafia coa razón e os sentidos ante a nosa limitada capacidade de comprensión. A través de poemas breves, inzados de significado filosófico existencial, a poeta debrúzase sobre os límites da linguaxe para a comprensión e coñecemento dun mundo que é un permanente misterio a desvelar para nós. Claves estas que resumen unha traxectoria poética que con este libro, magnificamente editado, sitúanse no cumio dunha obra que é unha permanente indagación sobre o ser e a existencia nun mundo evasivo.

ENSAIO

LITERATURA INSÓLITA

ARMANDO REQUEIXO | GALAXIA | 226 PÁX. | **23,30€**

O profesor e crítico Armando Requeixo publica un libro deliciosos para calquera amante da literatura que paga a pena ler de xeito demorado pola grande cantidade de información que fornece. Un compilado de curiosidades, publicadas ao longo dos anos en diversos medios, para coñecer historias que fan da literatura un espazo de entretemento con rigor, nas literaturas galega e universal. Fútbol e literatura, a importancia dun bo título, monstros, profesións, escándalos, etc, nun ángulo estimulante da realidade literaria por quen tan ben a coñece.

POESÍA

UN INTRE NO TEMPO. POESÍA REUNIDA 1967-2017

X. L. FRANCO GRANDE (ED. TERESA SEARA) | GALAXIA | 354 PÁX. | **22,90€**

Ensaísta e xornalista, a obra de Xosé Luís Franco Grande (1936-2020) destacou no eido da poesía. Situado na chamada xeración das festas minervais, estudantes en Compostela nos anos 50, seguidores de Ramón Piñeiro e cun proxecto culturalista para Galicia. No eido lírico entregou catro obras: “Entre o si e o non”, “O tempo á espreita”, “Xoguete de tempo” e “Libro das abandonadas” que van desde o existencialismo a un compromiso social e agora son recuperados nunha edición modélica da crítica Teresa Seara quen tamén prologa o volume.

DELICIAS SONORAS

**SANGRE DE MUÉRDAGO O XARDÍN**

Das bandas galegas de folk probablemente Sangre de Muérdago sexa unha das máis insólitas. Para comezar porque o cuarteto reside na localidade alemá de Leipgiz, liderado polo ourensán Pablo Caamiña Ursusson, e desde terras xermanas leva funcionando desde 2007. Agora publican o seu sétimo LP gravado por terras de Paderne, “O xardín”. A música de Sangre de Muérdago é unha mestura de folk galego con instrumentación como pandeiros, pandeiretas ou zanfonas unidos pola conexión co folk ácido británico de comezos da década dos 70, bandas fantásticas hoxe esquecidas como Forest, Spirogyra ou Comus. En “O xardín” a banda de Caamiña volve reivindicar sentimentos telúricos ou panteístas verbo da terra e a paisaxe, cun aire de misterio e escuridade. Das dez pezas do disco a metade son instrumentais e, dunhas ou doutras, destaca “A gralla”, “O que mora no lume”, “O xardín”, que dá título a todo o disco, o instrumental “De lume e cinza” ou o estraño vals “A agulla”. Un disco fermoso e triste, cheo de emocións e misterio e que ocupa un espazo propio na música que hoxe se fai en Galicia.

**BULE NON VALE PARAR!**

Novo traballo do cuarteto Bule, fillos do punk e a new wave de finais dos 70 e comezos dos 80 en clave século XXI. A banda de Pontedeume dá a luz o seu cuarto traballo, “Non vale parar!”, un slogan que se repite nos seus concertos e dá clara mostra da súa estética musical, con pezas que se encadean sen tempo para o descanso nin segundo de calma. Neste océano de intensidade Bule edita este mini LP de seis temas no selo Ferror Records, unha pequena colección de pezas en vinilo e formato dixital gravados nos estudos Río Records de Ferrol. A banda de Pablo, Jetu, Óscar e Adrián segue a apostar pola enerxía creativa e a intensidade sonora desde o tema homónimo que abre o traballo, ese “Non vale parar” que é toda unha declaración de intencións, irmá xemelga da seguinte canción, “Movemento”. Seguen con “Non mintas”, unha especie de “El pasaporte” de Los Brincos en versión afterpunk. “Vén por min” amosa chulería mentres “Arríscate” lembra aos The Jam. Finalmente, “Rapaces de rúa” remata por todo o alto o disco cun chute enerxético de power pop social. Un disco veloz como un lóstrego, todo moi Bule.

**IVY TRACES OF YOU**

Desde sempre sentimos admiración polo músico e compositor Adam Schlesinger. Responsable de navegar en bandas independentes como Fountains of Wayne, do trío de pop electrónico Ivy, ou de facturar temas como “That thing you do” para a banda sonora de “The Wonders” de Tom Hanks. A súa morte en 2020 a causa da Covid-19 deixou un baleiro difícil de encher. Por iso resulta unha sorpresa a aparición de “Traces of you”, un disco hibernado por Ivy, que non publicaba nada desde “All hous” en 2011!, e que agora sae grazas ao traballo dos seus compañeiros, Andy Chase e a francesa Dominique Durand. O agora dúo seica completou as maquetas que deixara Schlesinger e ve a luz este disco estupendo, unha alegría para os seus seareiros. A banda, mestura de Go-Betweens, Velvet Underground e Françoise Hardy, fixo con este álbum de despedida un repaso aos estilos que os fixeron unha “delicatesen” do pop electrónico máis exquisito. Pezas como “Fragile people”, “Mystery girl”, “Traces of you” ou “The great unknown” forman parte xa dese legado do pop máis elegante do século XXI.

NOVEMBRO

01 sábado

TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

OS AMOS DO MUNDO

MÚSICA

00.30 h Sala La Room. Ferrol.

CAPI + FRAN INSUA

02 domingo

CINE INFANTIL

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

PEZQUEÑÍN, EL PEQUEÑO AVENTURERO

TEATRO INFANTIL

12.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

CHINCHULINA



06xoves

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

07venres

EXPOSICIÓN

19.00 h Museo do Humor. Fene.

INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN DOS PREMIOS CURUXA 2025

MONÓLOGO

20.00 h Museo do Humor. Fene.

OSWALDO DIGÓN

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

1936

TEATRO INFANTIL

20.30 h Auditorio Municipal. Cedeira.

COA CABEZA NAS NUBES

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

TRAVELLIN' BROTHERS



MÚSICA

23.00 h Sala La Room. Ferrol.

ENVYTECHNO AND FRIENDS

08sábado

TEATRO INFANTIL

18.30 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol.

UN MUNDO PERFECTO

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

1936

TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

NOSO

09domingo

CINE INFANTIL

12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

UN BARCO EN EL JARDÍN

TEATRO INFANTIL

12.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

ALICIA NO PAÍS DAS MARABILLAS

13xoves

MÚSICA

20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

AS DARBUKAS DACOLÁ



14venres

DOCUMENTAL

19.00 h Salón de actos do Antigo Hospicio. Ferrol.

CONSELLO DE GALIZA

MONÓLOGO

20.00 h Museo do Humor. Fene.

PATTY DIPHUSA

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

CATUXA SALOM



MÚSICA

20.30 h Sala La Room. Ferrol.

CÁPSULA

DANZA

21.00 h Auditorio Municipal. Cedeira.

PARA QUE NON ME DEIXES



MÚSICA

21.00 h Pazo da Cultura. Narón.

QUEEN IS BACK



TEATRO

MÚSICA

23.00 h Sala La Room. Ferrol.

CHRIS LIBERATOR, KILLER RADIOACTIVE VS ALBER KEITOR, MAHÍA VS SCAIRON JOHANSSON, OCCY

15sábado

TEATRO INFANTIL
18.30 h Centro Cultural
Carbalho Calero. Ferrol.

CIRCU NSTANCIA

TEATRO
20.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

NON PASARÁN



TEATRO
20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.
DEADPAN KARAOKE



16domingo

CINE INFANTIL
12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

**PEZQUEÑÍN, EL PEQUEÑO
AVENTURERO**

TEATRO INFANTIL
12.30 h Centro Cultural Torrente
Ballester. Ferrol.

O REI VAI NU

20xoves

CONTANDO CIENCIA
19.30 h Casa da Cultura. Fene.
**ESTÁ O CANCRO ESCRITO
NOS NÓSOS XENES?, POR
CERES FERNÁNDEZ**

DANZA
20.30 h Pazo da Cultura.
Narón.

EL LAGO DE LOS CISNES

21venres

MONÓLOGO
20.00 h Museo do Humor.
Fene.

ROI DA COSTA



22sábado

TEATRO INFANTIL
18.30 h Centro Cultural Torrente
Ballester. Ferrol.

A DANZA DOS MEDOS

TEATRO
20.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

A METAMORFOSE

23domingo

CINE INFANTIL
12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

UN BARCO EN EL JARDÍN



TEATRO INFANTIL
12.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

PINOCHO

MÚSICA
19.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

UXÍA



28venres

MONÓLOGO
20.00 h Museo do Humor.
Fene.

ISABEL RISCO

MÚSICA
20.30 h Café Teatro. Narón.
CLUB DEL RÍO

MÚSICA
20.30 h Auditorio Cine Aloi. As
Pontes de García Rodríguez.

GALLAECIA SMALL BAND

29sábado

TEATRO
20.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

OS DOUS DE SEMPRE



30domingo

CINE INFANTIL
12.00 h Cines Dúplex. Ferrol.

**LA GRAN NAVIDAD DE LOS
ANIMALES**

TEATRO INFANTIL
12.30 h Centro Cultural Torrente
Ballester. Ferrol.

UN FIO ME LIGA A VÓS

INFANTIL
12.30 h Asociación de Veciños
de Meirás. Valdoviño.

**OS BOLECHAS: A MULLER
ORQUESTRA**

ai
Nº 209
ANO XVIII

EDITA:
ee | edicións embora
www.edicionsembora.es
Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.
T 981 35 53 53
info@edicionsembora.es
@Ai

DIRECTOR:
Miguel Toval
DESEÑO/MAQUETA:
Jose A. Farinós
REDACIÓN E COLABORADORES:
Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás
Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:
C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios
e o lugar de celebración dos actos facilitana
directamente os organizadores dos mesmos.
Edicións Embora declina calquera responsabilidade
pola suspensión ou modificación de calquera tipo
dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción